

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO CONTRATO “SERVIZO ORGANIZACIÓN MERCADOS DO BARRIO DE SAN PEDRO”

O obxecto do contrato é a realización do Servizo de Organización do evento **“Mercados do Barrio de San Pedro”**.

Desde o Concello, dentro do Proxecto europeo Urbana Santiago Norte (liña Corredores comerciais), como acción de dinamización e revitalización do corredor comercial San Pedro- Concheiros, arteria comercial por excelencia do Barrio de San Pedro, prantéxase a celebración dunha serie de mercados na Praza 8 de marzo; iniciativa posta en marcha cun carácter experimental, e destinada preferentemente aos comerciantes do propio barrio e para a venda de todo tipo de produtos, preferentemente artesanais e ecolóxicos.

A entidade adxudicataria asumirá a organización íntegra do evento. En consecuencia asumirá a prestación de todos os servizos asociados e vinculados á xestión, organización, e execución do obxecto do contrato e ocuparse de todas as cuestións organizativas e loxísticas, antes, durante e con posterioridade ao evento, incluída a campaña de captación de expositores (cos que deberá subscribir o correspondente acordo de participación), montaxe e desmontaxe da infraestrutura necesaria, así como a asunción de todos aqueles riscos que eventualmente puideran producirse durante o desenvolvemento do evento.

A actividade dos mercados realizarase dúas veces ao mes a partires de novembro (un día na 2º e 4º semana de cada mes cunha duración de catro horas cada día). O día semanal concreto de celebración e o horario (de mañá ou tarde) concretarase con posterioridade, trala consulta realizada ás asociacións veciñais do barrio e a unha mostra do seu tecido comercial. O obxecto do contrato comprende polo tanto a organización de catro edicións do mercado (dúas en novembro e dúas en decembro). As instalacións ou infraestruturas empregadas serán de carácter desmontable de tal xeito que ao remate de cada unha das edicións o espazo público ocupado deberá quedar nas condicións preexistentes ao inicio da montaxe.

A montaxe e desmontaxe realizarase preferentemente no mesmo día do mercado. Poderá realizarse no día previo ou posterior respectivamente, asumindo en todo caso o adxudicatario os custes de vixilancia de instalacións, materiais así como de limpeza do espazo público.

Os expositores serán preferentemente comerciantes do propio barrio. Se con estes, non se cubriran o número de postos disponíveis, a condición de expositor poderá ser ostentada por comerciantes do ámbito do Urbana Santiago Norte, e en último termo por calquera persoa física ou xurídica dedicada á producción e/ou venda, que cumpra cos requisitos legais requiridos para proceder á exposición e/ou venda de produtos. É

responsabilidade da persoa adxudicataria a comprobación do cumprimento deste extremo polos expositores.

A actividade será gratuita para expositores e público asistente de tal xeito que o adxudicatario non poderá retribuirse polo cobro de prezos de entrada ou canóns de participación.

O proxecto técnico deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Memoria descriptiva e explicativa do alcance, contido e programación dos mercados, así como documentación completa gráfica e escrita, incluídos planos, da distribución dos espazos para stands/postos, actividades complementarias e elementos auxiliares a localizar dentro da Praza 8 de marzo.
- Nº e tipoloxía dos stands/postos (deberá achegarse simulación ou fotografía do tipo de stand/posto a colocar). Os stands serán estruturas lixeiras “tipo haimas”, de natureza facilmente montable e desmontable. Cada stand/posto terá unha dimensión mínima de 2x2 metros².
- Deberá adaptarse aos m² de superficie, configuración e mobiliario urbano existente na Praza 8 de marzo, segundo o plano que se achega como ANEXO I a este prego técnico. Os espazos mínimos a integrar serán:
 1. Zona de stands/postos: ofertarase un mínimo de 15 stands/postos.
 2. Zona dedicada a actividades infantís, para os más pequenos, como complemento de ocio para a atracción de público asistente ao mercado.
- Imaxe gráfica/claim dos “*Mercados do Barrio de San Pedro*” e adaptación da imaxe aos distintos elementos de sinalética, promocionais e publicitarios a empregar. Deberá achegarse listado-proposta de materiais a realizar. Todo o material divulgativo debe ir en Lingua Galega. Así como deberá respectar o disposto en materia de publicidade para accións financiadas pola Unión Europea a través dos FEDER.
- Actividades infantís a realizar.
- Campaña de captación de expositores e público asistente. Plan de mercadotecnia e medios de comunicación.
A campaña de captación de expositores deberá conter alomenos a edición de material informativo e unha campaña informativa pormenorizada que garanta o coñecemento pola totalidade dos comerciantes do barrio da iniciativa. A



campaña dirixida a público asistente deberá conter alomenos algún tipo de publicidade dixital nos dous medios de maior difusión da cidade e cunha duración mínima de 1 mes.

- Borrador de normas de adhesión e participación como expositor consonte coas premisas definidas polo Concello.
- Calquera outro documento que a xuízo do oferente serva para comprender a oferta.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2014

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Lucía M. Castro López".

Asdo: Lucía M. Castro López
Técnica responsable de Comercio

